

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES Lauro Olmo

CURSO: 1º Bacharelato

MATERIA: Historia do mundo contemporáneo

DEPARTAMENTO: Xeografía e Historia

DATA: Terceiro trimestre (Abril-Xuño de 2020)

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Debido a que as explicacións fanse de maneira non presencial reforzamos algunhas competencias como:

- Competencia dixital, xa que hai un maior presenza das TICS, necesarias para obter, analizar, producir e intercambiar información.
- Aprender a aprender, no canto de desenvolver a capacidade de iniciar aprendizaxe de temas nova, organizar tarefas e o tempo de estudo, de xeito individual
- Comunicación lingüística, desenvolvendo a comprensión lectora e a expresión escrita.
- Competencias sociais e cívicas, propias da Xeografía e Historia.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
▪ B6.1. Formación do bloque comunista fronte ao bloque capitalista: Guerra Fría.	▪ B6.1. Describir e clasificar os feitos que explican a Guerra Fría..	▪ HMCB6.1.1. Localiza os países que formaban ambos bloques.	Entende o concepto de guerra fría. Explica as causas da guerra fría
▪ B6.2. Evolución das relacións entre as dúas superpotencias. Conflitos da Guerra Fría.	▪ B6.2. Interpretar a Guerra Fría, e as súas etapas, seguindo os acontecementos que mellor exemplifiquen cada etapa.	▪ HMCB6.2.1. Identifica e explica os conflitos da Guerra Fría.	Comenta as distintas fases da guerra fría. Localiza e explica os principais conflitos desta etapa.
▪ B6.4. Características económicas, sociais e culturais do modelo comunista e capitalista.	▪ B6.4. Comparar e analizar o modelo capitalista co comunista: a URSS e os Estados Unidos.	▪ HMCB6.4.3. Compara as diferenzas entre o mundo capitalista e o comunista.	Compara a economía capitalista e a comunista.
		▪ HMCB6.4.4. Identifica formas políticas do mundo occidental e do mundo comunista.	Diferenza democracia de ditadura.
▪ B7.2. Etapas e modelos de descolonización.	▪ B7.2. Describir o proceso de descolonización, establecendo feitos e personaxes significativos de cada proceso.	▪ HMCB7.2.2. Identifica e compara as características da descolonización de Asia e de África.	Elabora un cadro comparativo da descolonización de India e Alxeria.
▪ B7.4. O terceiro mundo e o Movemento de Países Non Aliñados: problemas dos países do terceiro mundo.	▪ B7.4. Analizar o subdesenvolvemento do terceiro mundo e establecer as causas que o explican.	▪ HMCB7.4.1. Analiza as características dos países do terceiro mundo.	Explica o concepto de subdesenvolvemento e de terceiro mundo.
▪ B7.5. Relacións entre os países desenvolvidos e non desenvolvidos.	▪ B7.5. Explicar as relacións entre os países desenvolvidos e subdesenvolvidos,	▪ HMCB7.5.1. Explica a evolución das relacións entre os países desenvolvidos e subdesenvolvidos..	Entende o concepto de neo-colonialismo.
▪ B11.1. Tempo histórico.	▪ B11.1. Recoñecer que os acontecementos e procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	▪ HMCB11.1.1. Recoñece que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	Elabora eixes cronolóxicos, mapas conceptuais, cadros sinópticos...
▪ B11.2. Fontes históricas.	▪ B11.2. Localizar e seleccionar información escrita e gráfica salientable utilizando fontes primarias e secundarias.	▪ HMCB11.2.1. Localiza e selecciona información escrita e gráfica salientable utilizando fontes primarias e secundarias, e analiza a súa credibilidade.	Interpreta instrumentos do traballo histórico.
▪ B11.3. Vocabulario histórico da Idade Contemporánea.	▪ B11.3. Utilizar o vocabulario histórico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	▪ HMCB11.3.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico necesario.	Utiliza o vocabulario histórico propio de cada época.

2. Avaliación e cualificación.

2.1. Avaliación

A avaliación das aprendizaxes do alumnado será continua, diagnóstica e formativa con carácter positivo

- **Procedementos de avaliación:** teremos en conta as actividades que se mandan ao alumnado que consisten en investigar sobre algún aspectos do currículo para resolver un cuestionario *ad hoc*, valorando tamén a actitude e interese pola materia.
- **Instrumentos de avaliación:** as actividades entregadas polo alumnado, vía telemática.

2.2. Cualificación final

Consideramos, por acordo do departamento que o resultado final do curso se establece en función dos seguintes criterios cuantitativos de cualificación:

- A media das dúas primeiras avaliacións.
- Ao anterior resultado se lle poderá engadir **ata un punto** como máximo, pola entrega das actividades debidamente realizadas. No caso de non entregar as actividades non se terá en conta este feito para a cualificación final.
- Redondearase a nota cara a unidade máis próxima.

2.3. Proba extraordinaria de setembro.

Ninguén suspende esta materia, polo que non haberá probas extraordinarias en setembro. De todos os xeitos, sempre rexen as normas establecidas para outros cursos.

2.4. Alumnado con materia pendente.

Non é o caso xa que non hai ningunha persoa con esta materia pendente de 4º ESO. De todos os xeitos sempre rexen as normas que se establecen nos outros cursos.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.

3.1. Actividades.

As actividades que o alumnado terá que realizar consisten na resolución dunha serie de cuestións sobre o distintos aspectos do currículo (ver supra: táboa sobre os estándares de aprendizaxe).

3.2. Metodoloxía

- **Actividades de reforzo e ampliación:** No caso de 1º de Bacharelato, consideramos que sería mellor traballar con actividades de ampliación, que servirán como reforzo do aprendido e como base para o próximo curso ademais de traballar as competencias sociais é cívicas, a competencia de comunicación lingüística, a competencia de aprender a aprender e a competencia dixital.
 - ✓ Tras o envío das actividades con instrucións, prazos e valoracións precisas, o alumnado realizará o cuestionario, incidindo na boa presentación do proxecto de investigación, incluíndo nome, portada, imaxes e biblio-webgrafía.
 - ✓ Cando se entrega, cumprindo o prazo, mándaselles unha corrección conxunta (coa valoración precisa e concreta de cada pregunta e os seus diferentes apartados), para que revisen as respostas e se poñan unha nota, e dicir, se auto avalíen (traballando así a súa competencia matemática).
 - ✓ Esa nota só terá efectos positivos, nunca negativos, na súa nota final (ver supra). Evidentemente no caso de non entregar nada, non se valorará nada.
- **Actividades de recuperación:** Non foi preciso facer esta recuperación, xa que todo o alumnado cumpriu os obxectivos marcados e ten a materia aprobada.

3.3. Materiais e recursos.

Utilízase o correo electrónico.

Na aula contábase con unha biblioteca de aula, onde había diferente material bibliográfico, basicamente libros de texto; ao non poder seguir contando coa devandita biblioteca, o alumnado ten que visitar diversas páxinas web especializadas en historia.

As recomendacións básicas son as seguintes: *historiasiglo20*, *la cuna de halicarnaso*, *practicopedia*, *sildeshare*...

Ademais fanse recomendacións específicas de documentais e fragmentos de películas que se poden visualizar en *youtube*.

4. Información ao alumnado e ás familias

O procedemento empregado para se comunicar co alumnado é o correo electrónico; todo o alumnado de 1º BACHARELATO ten unha conta de correo asociada ao seu teléfono móbil.

Resaltar que a comunicación é fluída, tanto co alumnado como coas titorías para resolver posibles problemas.

Ademais esta adaptación da programación de HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO DE 1º BACHARELATO se publicará na páxina web do IES Lauro Olmo.